

Eu son (II)

Mercedes Queixas

Eu son dunha xeración que naceu e medrou en paralelo á lingua galega, viaxando en habitáculos diferentes do mesmo comboio. Cadaquén ía subindo nunha estación diferente, con cadanseu billete, con compañeiras e compañeiros de viaxe diferentes que ían alimentando as nosas gorxas inéditas para nos reconstruírmos como individuos con biografías lingüísticas individuais, mais non isoladas, pois a estación termo daquela viaxe era a casa común do pobo, como colectivo cunha identidade truncada, deformada, ignorada ou disfrazada con roupaxes alleas.

Eu subía ao comboio da lingua galega no meu espazo de liberdade vacacional, recreo e ocio incontrolábel, bicos furtivos e conversas adolescentes. Eu habitaba a lingua na aldea, da man dos meus catro avós e cinco bisavós. E deles a aprendín, oralmente, nun boca a boca con salto mortal interxeracional, de ouvidas, como un século antes fixera a propia Rosalía de Castro. Quen mo ía dicir!

Eu son dunha xeración que precisou entender e concretar a coherencia do sentido común desde a honestidade cos antergos e a miraxe responsábel ao futuro que nos había corresponder enfiar. Nacía unha xeración de neofalantes que non aprendemos a lingua galega como primeira lingua, mais que a tiñamos como referente próximo na aldea, surtidora de puntuais citas dominicais coas patacas e os ovos e os grelos que a cidade non entregaba nunca como galano, mais si ofrecía puntual e estacionalmente o labor das mans traballadoras dos avós.

Eu son dunha xeración de neofalantes que asumiu a vontade de dar un paso adiante e instalarse no galego, conscientemente, como única lingua de uso no país de noso, sen que esa decisión implique a menor mingua para o noso coñecemento e dominio doutras linguas, nomeadamente o castelán e o portugués que, por proximidade e interese funcional, temos a vantaxe de coñecer practicamente desde o berce. Sen que a nosa escolla, desde a liberdade que o coñecemento ampara, anulase o respecto pola outra lingua convivencial, malia imposicións históricas propias das relacións forzadas entre conquistadores e conquistados.

Eu son dunha xeración de neofalantes que recuperou o equilibrio, a normalidade lingüística para si; por iso apostamos pola transmisión xeracional aos nosos fillos e fillas, malia a escoita sistemática da sempre teimuda pregunta de quen incrédulo nos inquire na rúa, no parque infantil, na consulta médica e na panadaría: Y siempre le hablas así?, acompañada da mesma teimuda resposta: Pois si, sempre! Porque non podemos axustar contas co pasado, mais si podemos rexenerar un outro futuro lingüístico diferente na comunicación cos nosos fillos e fillas e, desde a lingua propia e oficial, a lingua de noso, nomearlles o mundo global. Nós a canda el, sempre!